

Estimadas familias:

Segundo a orde do 28 de Maio de 2014, convócanse axudas para a adquisición de **libros de texto**, destinado ao alumnado matriculado en Primaria en centros sostidos con fondos públicos da nosa comunidade **no curso 2014-15, sendo requisitos:**

-Non repetir curso no 2014/15, agás 1º e 2º, por ser material que non se pode reutilizar

-Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 9.000 euros no exercicio fiscal 2012

- Non estar matriculados en 5º de E.Primaria nalgún dos centros seleccionados para o Proxecto Experimental Educación Dixital.

O noso centro presentou a solicitude para participar en dito proxecto que consiste en substituír os libros de texto por libros dixitais(sen coste algún para os pais/nais/titores). A espera que nos concedan ou deneguen dita solicitude os alumnos que cursarán para o vindeiro curso 5º, non poden tramitar esta axuda).

As principais novidades son:

- A finalidade das axudas é a adquisición exclusiva de libros de texto, agás o alumnado con discapacidade igual ou superior a 65%.*
- O alumnado ten que conservar en bo estado os libros de texto adquiridos coa axuda para incorporalos ao final de curso a un fondo solidario(banco de libros) do centro. Exclúese desta obriga ao alumnado de 1º e 2º ou aquel con discapacidade igual ou superior ao 65%.*

As axudas serán solicitadas polo pai, nai, titor ou representante legal do alumno ou familia de acollida de ser o caso.

- Anexo I (que se recollerá en secretaría), unha por cada alumno.
- Fotocopia do libro de familia. Se a situación que reflicte o libro non coincide coa actual a 31/12/2012.
 - Certificado de empadronamento da unidade familiar, sentenza de separación ou divorcio ou certificado que acredite a situación familiar.
- Certificado do grao de minusvalidez dalgún membro da unidade familiar, de ser o caso.



- Certificado de incapacidade permanente ou documentación acreditativa da condición de pensionista dalgún dos membros da unidade familiar, de ser o caso.
- No caso de violencia de xénero: documentación acreditativa.

O prazo de presentación de instancias será dende o 2 de xuño ata o 2 de xullo ambos inclusive.

Lembrámoslles que as fotocopias deben ir acompañadas do orixinal para poder compulsala.

Atentamente,

O equipo directivo.

(selo)